

Partido correspondente a 13ª Xornada da liga Provincial Feminina, que enfrontou ó equipo das Espartanas e o Concello de Ponteceso F.S.F , encontro disputado o domingo 9 de Xaneiro ás 12:00 horas no Pabillón do Barrio das Flores, na Coruña, que finalizou co resultado de 0-2 a favor do equipo visitante.

#### ALINEACIÓNS:

**ESPARTANAS F.S.**- Sandra, Marta, Cristina, Patricia e Nuria (cinco inicial). Tamén xogaron Ana, María, ALucía e Irene.

**CONCELLO DE PONTECESO F.S.F.**- Salomé, Silvia, Sonia, Chris e Carmen (cinco inicial). Tamén xogaron Iria, Cris Santos, Martina, Mónica, Marta, e Tamara.

#### GOLES:

0-1 (min. 3) Carmen.

0-2 (min. 14) Carmen.

Bo partido o xogado polas chicas de Barca e Curro. Desde o pitido inicial as xogadoras Pontecesáns saíron cunha forte presión a todo o campo, presión que fixo que as Espartanas non se acercaran en toda a primeira parte a portería defendida por Salomé.

Chegou moi pronto o primeiro gol das de Ponteceso, transcurría o minuto 3 cando Carmen, nunha xogada de corner ensaiada, facía o 0-1.

Fruto desta presión, e durante os seguintes 15 minutos, o Concello de Ponteceso chegou varias veces e moi claras a portería das Espartanas, podendo contabilizar ata 5 balóns ós paos e largueiro, e varios tiros claros a cargo de Carmen, Chris, Martina e Silvia, ata que no min. 14, un roubo e unha boa xogada de Chris, que lle cedeu á súa irmán Carmen, que soa no segundo pao, anotaría o definitivo 0-2.

Os dous minutos, no min.16, o Concello de Ponteceso fallaría un penalti, pitado por unha clara falta dentro da área.

No resto deste primeiro tempo, as Pontecesáns seguirían levando a batuta do encontro aínda que o marcador non se movería.

Xa na segunda parte, as xogadoras coruñesas endureceron moito o xogo, estando casi máis tempo parado o partido que xogándose, pero a boa defensa Pontecesán fixo que non pasaran apuros de ahí o final do partido, e podendo ampliar o marcador aínda que non foron capaces de definir ante a porteira local.

A vindeira semana a liga toma un descanso, posto que xa acabou a primeira volta. O Concello de Ponteceso, comenará a segunda volta o sábado 22 en Sada contra o actual líder da categoría.